

PROGRAMA DE APOIO Á CREACIÓN, AMPLIACIÓN E MANTEMENTO DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO (TR341E E TR341F)

Incentivar a creación, ampliación e mantemento dos centros especiais de emprego en canto fórmulas empresariais eficaces para a xeración de emprego estable para persoas desempregadas con discapacidade.

BENEFICIARIOS:

Os centros especiais de emprego que figuren inscritos como tales no Rexistro de centros especiais de emprego desta Comunidade Autónoma, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, do 7 de xullo.

TIPOS DE AXUDA:

A. Para a creación e ampliación de centros especiais de emprego:

Os centros especiais de emprego que soliciten as axudas poderán beneficiarse dunha subvención de ata 12.000 euros por cada posto de traballo creado con carácter indefinido para traballadores con discapacidade, sen que se poida superar a dita contía entre os tres tipos de axuda seguintes:

1. **Axudas para a asistencia técnica** necesaria para a creación ou ampliación de centros especiais de emprego, solicitada durante o primeiro ano da súa constitución e que poden consistir nalguna das modalidades seguintes:
 - a. estudos de viabilidade, organización, comercialización e outros de natureza análoga.
 - b. contratación de directores, xerentes ou técnicos, por un período máximo dun ano.
 - c. auditorías e informes económicos sempre que estes non se realicen de xeito obrigatorio por unha disposición que así o esixa.
 - d. labores de asesoramento nas diversas áreas de xestión empresarial, excluídas as tarefas que pola súa natureza teñan carácter ordinario e continuado na actividade da empresa.
2. **Subvención financeira** de redución de xuros dos préstamos destinados a financiar investimentos en activo fixo. Non obstante, no caso de constitución do centro, poderase destinar ata un 25 % do préstamo a financiar o activo circulante. Esta subvención será como máximo de catro puntos do tipo de xuro fixado pola entidade de crédito que conceda o préstamo.
3. **Subvención en función do investimento en activo fixo.** Aqueles centros especiais de emprego que se consideren proxectos de recoñecido interese social poderán beneficiarse dunha axuda en función do investimento en activo fixo que se realice durante o ano natural, excluídos os impostos que graven a adquisición.

A ter en conta:

- Unicamente serán subvencionables aqueles novos postos de traballo que sexan creados a partir do 16 de setembro de 2009 e supoñan incremento con respecto ao cadro de persoal fixo de persoas con discapacidade.

Prazo: 15 de setembro de 2010.

B. Para o mantemento de centros especiais de emprego:

1. **Subvención do custo salarial** correspondente aos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade ata o 75% do salario mínimo interprofesional, cando o contrato se celebre a xornada completa ou a parte proporcional se realiza a tempo parcial.

A ter en conta:

- Presentarase unha única solicitude que comprenderá as mensualidades do último trimestre de 2009 e unha previsión dos custes salariais polas mensualidades ata setembro de 2010., esta incluída.

Prazo: 30 de xuño de 2010.

2. **Subvencións para a adaptación de postos de traballo** e eliminación de barreiras arquitectónicas por un importe non superior ao custo real e, en todo caso, cunha contía máxima de 1.800 euros por posto de traballo.

Prazo: 15 de setembro de 2010 de forma xeral, e 30 de xuño de 2010 para as adaptación realizadas entre o 16 de setembro de 2009 e o 3 de maio de 2010

3. **Subvención para o saneamento financeiro** do centro especial de emprego, por unha soa vez, destinada a equilibrar e sanear financeiramente aos centros especiais de emprego co fin de lograr a súa reestruturación para acadar niveis de produtividade e rendibilidade que garantan a súa viabilidade e estabilidade.

Prazo: 15 de setembro de 2010.

4. **Subvención para o equilibrio orzamentario** dos centros especiais de emprego que carezan de ánimo de lucro e sexan de utilidade pública e imprescindibles polo labor que realizan.

Prazo: 15 de setembro de 2010.

PROGRAMA DE SUBVENCÍONS ÁS UNIDADES DE APOIO Á ACTIVIDADE PROFESIONAL DOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO (TR341K)

Subvencionar o desenvolvemento das funcións dos profesionais das unidades de apoio á actividade profesional, no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, no proceso da incorporación a un posto de traballo, así como a permanencia e progresión no mesmo das persoas con discapacidade severa.

BENEFICIARIOS:

Os centros especiais de emprego que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Figurar inscritos como tales no rexistro administrativo de centros especiais de emprego de Galicia.
- b) Que formen parte do seu cadro de persoal os seguintes traballadores con discapacidade severa:
 - Persoas con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.
 - Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.
- c) Cumprir cos requisitos que se establecen no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Dispor de unidades de apoio á actividade profesional coa composición establecida na orde de convocatoria.

TIPOS DE AXUDA:

As subvencións establecidas nesta orde destinaranse a financiar os custos salariais e da Seguridade Social derivados da contratación indefinida dos traballadores das unidades de apoio á actividade profesional nos centros especiais de emprego.

- a) A contía das ditas subvencións establécese en 2.400 euros anuais por cada traballador co tipo de discapacidade severa indicada na orde de convocatoria, contratados por tempo indefinido ou mediante contrato temporal de duración igual ou superior a seis meses. Non obstante, aqueles centros sen ánimo de lucro, conforme o previsto no artigo 10º do Decreto 200/2005, do 7 de xullo, que teñan cinco ou menos traballadores con discapacidade severa cun contrato indefinido e a xornada completa, poderán percibir unha subvención de ata o 50% dos custos da unidade de apoio.

A subvención de 2.400 euros reducirase proporcionalmente en función da duración dos contratos dos traballadores con discapacidade aos que se refire o parágrafo anterior así como en función da duración da xornada no suposto de que o contrato sexa a tempo parcial.

A ter en conta:

- Serán subvencionables os custos salariais e da Seguridade Social correspondentes ás mensualidades desde outubro de 2009 ata setembro de 2010, ambas inclusive. Non obstante, serán subvencionables os custos salariais e da Seguridade Social desde o 21 de marzo de 2009 para aqueles centros especiais de emprego que constituísen unha unidade de apoio á actividade profesional ou comezasen a desenvolver as súas funcións desde esa data.

Prazo: 3 de xuño de 2010.

MAIS INFORMACIÓN:

Orde do 27 de abril de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 82; do 3 de maio de 2010)